



## VIAXE CULTURAL LETRAS GALEGAS 2025

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2025 á poesía popular oral, personificada en Adolfina e Rosa Casás Rama, Eva Castiñeiras Santos; e Manuela Lema Villar, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameijende, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens. Con esta elección quérese recoñecer a herdanza cultural das cantareiras e o seu papel na conservación do idioma galego ao longo da historia.

A EGAP, como institución pública galega, súmase á súa homenaxe organizando un acto conmemorativo, así como unha viaxe de interese cultural.

**Domingo, 18 de maio de 2025**

### ITINERARIO:

Santiago de Compostela – Malpica- Muxía - Santiago de Compostela



PROGRAMA DA VIAXE – HORARIOS ESTIMADOS:

- 10:30 Recollida do grupo na EGAP, Santiago de Compostela cara a Malpica (45 minutos).
- 11:15 Chegada a Malpica. Visita á vila, cunha duración aproximada de 45 minutos.
- 12:15 Saída cara a Muxía (60 minutos).
- 13:15 Chegada a Muxía. Visita á vila, cunha duración aproximada de 45 minutos.
- 14:00 Comida nun restaurante da zona.
- 16:00 Saída cara a Santiago de Compostela (70 minutos).
- 17:15 Chegada a Santiago de Compostela.